

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ CURSO 2025-2026

O CIFP Ánxel Casal – Monte Alto, convoca o proceso selectivo para asignar bolsas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+, destinadas a alumnado de ciclos formativos, para realizar a Formación en Centros de Traballo (FCT) ou a formación en empresas no estranxeiro.

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é convocar axudas económicas para a realización de mobilidades de alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior de Formación Profesional do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto dentro do programa Erasmus+: 2025-1-ES01-KA121-VET-000322261 e 2025-1-ES01-KA131-HED-000344276.

O obxectivo deste programa é promover a aprendizaxe e a formación de estudiantes en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura doutros países, mediante a concesión de bolsas para a formación en empresas estranxeiras.

A duración da mobilidade será entre 10 e 13 semanas, en función das horas correspondentes á formación en empresas de cada ciclo formativo.

Segunda. Requisitos para participar

1. Ser alumno/a do CIFP Ánxel Casal no curso 2025-2026.
2. Estar matriculado nalgún ciclo formativo de grao medio ou superior e ter previsto realizar a FCT ou a formación en empresas nos seguintes períodos:
 - De marzo a xuño do 2026 (ciclos medios e superiores)
 - De setembro a decembro do 2026 (solo ciclos superiores)
3. Non ter módulos suspensos do curso anterior nin no curso actual.

Terceira. Información sobre as solicitudes

Realizaranse dúas sesións informativas no salón de actos do centro:

- O martes 14 de Outubro ás 19:00
- O mércores 15 de Outubro ás 11:30

O alumnado interesado en participar na convocatoria deberá presentarse no salón de actos:

- O martes 21 de Outubro ás 19:00
- O mércores 22 de Outubro ás 11:30

Para a inscrpción, o alumnado interesado cubrirá o formulario de inscrpción e enviará a documentación acreditativa (Certificación OFICIAL) de coñecemento de idiomas que poidan aportar e carta de motivación.

O prazo de inscrpción será ata o **24 de Outubro de 2025**.

O correo de programas europeos para calquera aclaración é: internacional.cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal

No caso do alumnado que non aporte certificación de coñecemento de linguas estranxeiras, terá que facer unha proba de coñecemento de inglés (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita de nivel intermedio). A proba escrita de inglés será o martes 28 de Outubro de 18:30 a 20:30 no salón de actos.

O alumnado que teña que facer a proba oral, será convocado pola profesora de inglés.



Cuarta. Contía das bolsas

A contía destinada a financiar os gastos da mobilidade será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). Esta axuda vai destinada a colaborar nos gastos de manutención, viaxes, aloxamento, seguros e demais gastos.

Antes de cada mobilidade informarase da bolsa Erasmus+ a recibir en cada caso, en función do país de destino, número de días e subvención dispoñible no proxecto. Así como a bolsa a recibir no caso de alumnado con menos oportunidades (alumnado con discapacidade e alumnado beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado).

AXUDAS DE VIAXE PARA ALUMNADO:

Distancias	Desprazamento ecológico-Importe por participante	Desprazamento non ecológico-Importe por participante
Entre 10-99 km	56€	28€
Entre 100-499km	285€	211€
Entre 500-1999 km	417€	309€
Entre 2000-2999 km	535€	395€
Entre 3000-3999 km	785€	580€
Entre 4000-7999 km	1188€	1188€
8000km ou máis	1735€	1735€

*Por «distancia de viaxe» entenderase a que separe o lugar de orixe e aquél no que se leve a cabo a actividade, mentres que o importe cubre a contribución ao viaxe de ida e volta dende o lugar da actividade.

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>

*A viaxe ecológica defíñese como aquela que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto, por exemplo, o autobús, ferrocarril ou automóbil compartido.



Cofinanciado por el
 programa Erasmus+
 de la Unión Europea

APOIO INDIVIDUAL PARA ALUMNADO DE CICLO MEDIO:

Calcularase en función do país de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen na táboa seguinte:

	País de acogida	Apoio individual por día (€) Dende día 1 ao 14	Apoio individual por día (€) A partir do día 15
Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos e Suecia.	70€/día	49€/día
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal.	61€/día	43€/día
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia e Turquía.	51€/día	36€/día

APOIO INDIVIDUAL ALUMNADO CICLO SUPERIOR:

Calcularase en función do país de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen na táboa seguinte:

	País de acollida	Importe mensual Alumnado en prácticas	Alumnado con menos oportunidades
Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos y Suecia	500€/mes	750€/mes
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	450€/mes	700€/mes
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía	400€/mes	650€/mes



Quinta. Adxudicación das prazas e publicidade do proceso de selección

Unha vez feita a baremación das persoas participantes de acordo cos criterios de valoración, publicarase unha listaxe provisional de alumnado seleccionado e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias.

As persoas solicitantes terán un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase unha listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e en reserva.

As persoas solicitantes incluídas na listaxe de reserva substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel por causas de forza maior.

A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacóns procedentes, realizaranse mediante a publicación na web do centro (<https://www.cifpanxelcasal.es/>).

A continuación farase a asignación de prazas, en función da disponibilidade de empresas por países, subvención do proxecto e as puntuacións acadadas polas persoas solicitantes.

A realización da mobilidade e o destino final sempre estará condicionado á existencia de empresas adecuadas ao perfil profesional e académico do alumnado seleccionado, á subvención de cada proxecto e á situación internacional.

Sexta. Criterios de selección

Para a selección do alumnado solicitante das mobilidades establecense os seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudiante no primeiro curso do ciclo formativo.

Se a nota media é de entre 5 e 5,99: 1 punto

Se a nota media é de entre 6 e 6,99: 1,5 puntos

Se a nota media é de entre 7 e 7,99: 2 puntos.

Se a nota media é de entre 8 e 8,99: 3 puntos.

Se a nota media é de entre 9 e 10: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas:

- A2: 1 punto
- B1: 2 puntos
- B2: 3 puntos
- C1 e C2: 4 puntos

b) Proba de inglés realizada no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.

- O exame avaliará coñecementos de nivel B2: Máximo 3 puntos



3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudiante en particular, dando más puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio más adecuados para formar parte das mobilidades.

O/a titor/a correspondente, cubrirá un informe de cada candidato en colaboración con todo o profesorado do alumno/a. De considerarse oportuno realizarase unha entrevista co alumno/a e consultarase tamén ao departamento de orientación. En dito informe valorarase:

- Grao de madurez e autonomía.
- Nivel de responsabilidade.
- Motivación e expectativas
- Capacidad de iniciativa e adaptación.
- Capacidad de organización, de relación e de traballo en equipo.
- Corrección na comunicación verbal e non verbal, e comportamento adecuado á situación.

Será necesario obter unha valoración positiva en cada un dos criterios para poder ser seleccionado/a.

Se a puntuación total obtida non supera os 2 puntos, a persoa solicitante quedará excluída do proceso selectivo.

4. Participación previa no programa Erasmus+:

A non participación en mobilidades con bolsa Erasmus+ anteriormente (2 puntos).

5. Outros.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

5.1 Aos estudiantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.

5.2 Farase unha repartición equitativa por razón de xénero.

En caso de empate, aplicaranse con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores, é dicir, a praza outorgáráselle en primeiro lugar ao/á solicitante con máis puntos no criterio “1”. Se continuase o empate, no “2”, e así sucesivamente.

**Excepción:

No caso de que fora o propio solicitante quen buscou unha empresa adecuada para a súa estadía, terá preferencia absoluta, sempre e cando acade unha valoración positiva nos anteriores criterios de selección.

Si hai varios solicitantes na mesma situación desempatarían coa puntuación global obtida na valoración dos criterios.



Sétima. Comisión de valoración

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

– Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.

– Vogais:

A coordinadora de programas internacionais.

Dous membros do equipo directivo do centro.

– Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas componentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

Oitava. Obrigas do alumnado seleccionado

O alumnado seleccionado con bolsa disporá dun prazo de 3 días naturais dende a publicación para renunciar ou aceptar por escrito á participación no programa na seguinte dirección de correo electrónico:
p.europeos.anxelcasal@gmail.com

O alumnado que acepte a participación no programa terá que enviar á anterior dirección de correo electrónico no mesmo prazo de tempo: un compromiso de participación no programa, unha foto carnet, DNI escaneado, Curriculum Europass (en inglés), número da Seguridade Social, xustificante de ser alumnado con menos oportunidades (si é o caso), tarxeta sanitaria europea (ou xustificante da tramitación) e certificación bancaria (con IBAN) para futuros pagos.

As persoas beneficiarias da bolsa terán as seguintes obrigas:

a) Ter o documento de identidade (DNI, NIE ou pasaporte), con vixencia durante o período das prácticas.

b) A participar en cantas reunións sexan convocadas pola coordinación de programas internacionais.

c) A presentar toda a documentación que se lle solicite en forma e prazo.

d) A realizar a proba inicial, o curso de preparación lingüística no idioma do país de destino e a proba final, a través da plataforma OLS.

e) A manter unha canle de comunicación fluída ca coordinación de programas internacionais e persoa titora.

f) Unha vez no país de destino, a comportarse dunha maneira correcta, con total respecto aos costumes e modo de vida das persoas que habitan no país de destino.

g) A asistir regularmente ás prácticas no centro de traballo.

h) A manter unha actitude proactiva de cara á consecución dos obxectivos do programa.

i) Á custodia da documentación do programa para presentar despois da mobilidade.

j) A reembolsar a bolsa total ou parcialmente no caso do incumplimentos das obrigas.

O incumplimento destas obrigas implicará a exclusión do programa.



O rexistro de partes disciplinarios, sancións de comportamento ou exclusión da realización da formación en empresas durante o proceso, tamén implicará a exclusión do programa.

En caso de que a exclusión se faga unha vez iniciada a mobilidade, o alumnado excluído suspenderá automaticamente o módulo de FCT ou a formación en empresa e se xa percibiu parte do importe da beca, terá que devolveo de forma íntegra.

Novena. Condicóns da participación no programa

A concesión definitiva das bolsas quedará condicionada:

- Á dispoñibilidade de empresas de acollida adaptadas ao perfil académico e profesional do alumnado seleccionado.
- Á dispoñibilidade de subvención no proxecto.
- Á situación internacional.
- Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección das persoas seleccionadas, a súa suspensión.
- Ao cumprimento dos requisitos esixidos por cada país de destino para participar no programa (estado de saúde, nivel de idiomas, cualificación profesional, etc.) das persoas seleccionadas.

O CIFP Ánxel Casal resérvase o dereito a revogar ou deixar sen efecto a resolución da convocatoria ou, se é o caso, a da adxudicación, se se da algunha das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

A adquisición de dereitos polo beneficiario da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que de lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do CIFP Ánxel Casal.

A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria e das condicións establecidas polo CIFP Ánxel Casal, o SEPIE e as normas do programa Erasmus+.

Décima. Protección de Datos

Os datos persoais facilitados no formulario de inscrición, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adequadamente o programa Erasmus+ do CIFP Ánxel Casal.



Onceava. Normativa aplicable

En calquera caso, a participación neste programa estará suxeita, por norma xeral, aos criterios e bases establecidos na convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+, así como ao establecido nos convenios subscritos polo CIFP Ánxel Casal, a Consellería de Educación e o Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

O desenvolvemento das diferentes mobilidades quedará supeditada á concesión da subvención por parte do SEPIE.

A Coruña, a 13 de Outubro de 2025

Cristina Vázquez Fernández

Rufino David Luaces Gudín

Coordinación de Programas Internacionais

Dirección



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea